

Carta ás Familias | 30 de marzo de 2020 Aula Virtual e 2ª Avaliación

Prezadas Familias do CEIP de Barouta,

Agardamos que esteades ben e que manteñades o ánimo neste confinamento histórico polo COVID-19.

Acabámonos de reunir o profesorado por videoconferencia e mandámosvos este tokapp coas **últimas novidades**:

AULA VIRTUAL

Xa está operativa a Aula Virtual do CEIP de Barouta. Podedes acceder desde a [web](#) ou directamente no seguinte link:
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipbarouta/aulavirtual2/>.

A aula virtual do colexio centralizará as actividades de todos os cursos, na esperanza de ordenar o traballo e de facilitarvos o acceso a toda a información nun único lugar.

→ **Acceso á Aula Virtual do CEIP de Barouta.** Podedes acceder como convidado/a (e ver todo o contido subido) ou con contrasinal (a maiores de ver o contido podedes comentar no foro, enviar as tarefas á mestra/e, etc)

Acceso con **CONTRASINAL**:

USUARIO: nome.apelido1.apelido2

Se hai ñ, sustituese por n, se o nome é composto:
nome1.nome2.apelido1.apelido2. Se un apelido ten espazo, sustituese por un punto (.) Por exemplo: “María Begoña del Río Castro” =
“maria.begona.del.rio.castro”

CONTRASINAL: changeme

A primeira vez que accedades á Aula Virtual tedes que cambiar o contrasinal.

2ª AVALIACIÓN

De acordo coas instrucións da Consellería, hai que facer a avaliación do 2º trimestre, na que se terá en conta o traballo presencial feito ata o día 13 de marzo, antes da declaración da suspensión da actividade educativa

Dada a restrición de mobilidade polo confinamento, a única maneira de poder ver o boletín de notas será pola aplicación da Consellería de Educación “**Abalar Móbil**”. **Tedes que descargar esta aplicación para que este venres día 3 de abril vos chegue a ela o boletín de notas**

→ Descarga de ABALAR MÓBIL

- Teléfonos Android:
<https://play.google.com/store/apps/details?id=es.xunta.edu.abalarmobil>
- Teléfonos iOS:
<https://apps.apple.com/es/app/abalarmobil/id660608502>

Calquera consulta, non dubidedes en contactar con nós por correo electrónico ou teléfono. Tedes a información de contacto na web do colexio

Contacto CEIP de Barouta:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipbarouta/taxonomy/term/70>

Contacto Profesorado:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipbarouta/taxonomy/term/63>

Recibide todo o noso ánimo, apoio e acompañamento

Unha aperta,

Alonso Barreiro Caxade

Director do CEIP de Barouta